No mes de setembro iniciouse a revisión detallada da lista de contratos interinos vixentes na actualidade (substitucións por cargo, vacante ou servizos especiais) de forma que a 30 de setembro 2010 todos aqueles contratos de substitución de áreas non deficitarias finalizaranse seguindo as esixencias e protocolos da lexislación laboral.

#### PAS

En canto ás medidas de optimización adoptadas, podemos citar que con carácter xeral: non se substitúen as vacacións de persoal; non se cobren as vacantes agás petición expresa e moi xustificada do propio servizo ou unidade afectada; non se substitúen a traballadores de baixa por enfermidade ata que transcorran tres semanas desde que se produce esa situación, agás que nesa unidade só exista un traballador, etc.

No caso de que se precise facer contratacións por acumulación de tarefas, faise unha avaliación individualizada de cada unha delas, intentando que o tempo da eventualidade sexa o menor posible.

Pero estas cobertura, despois de valorar a súa necesidade, non se fan de forma automática senón que, utilizando criterios tendentes á redución da temporalidade, se solicitan informes de que resultan imprescindibles para o funcionamento do servizo.

***d) Proposta de supresión na relación de postos de traballo de prazas non dotadas, así como estabilización de porcentaxes de supresión para as dotadas e non ocupadas no último exercicio.***

#### PDI

As universidades atópanse no momento actual en pleno proceso de implantación da nova estrutura de títulos derivada do Espazo Europeo de Educación Superior. Con carácter xeral na USC este proceso estase levando a cabo de xeito gradual de maneira que coexistan os plans anteriores cos do novo sistema, situación que se prolongará aínda

dous anos máis. Esta situación fai difícil determinar dun xeito rigoroso as necesidades docentes que vai ser preciso atender nos próximos anos e, en consecuencia, a capacidade docente necesaria para a cobertura desas necesidades, o que impide cuantificar axeitadamente as amortizacións de vacantes que se poderán levar a cabo nos próximos anos. Aínda así, a USC comprométese a revisar todas as prazas vacantes a medida que se vaia completando o proceso de implantación descrito (graos implantados por completo e diplomaturas e licenciaturas extinguidas) e a suprimir todas aquelas que non sexan necesarias.

Neste senso, e como xa se indicou no apartado c) revisaranse este ano todas as prazas vacantes cubertas con interinos e, nos casos nos que a área sexa excedentaria remataranse os contratos seguindo as esixencias e protocolos da lexislación laboral.

Non se crearán prazas do cadro de persoal (salvo as decisións de promoción ás que compromete actualmente os Estatutos e o Convenio colectivo de PDI laboral, a promoción laboral a funcionario que reduce custes ou a estabilización de Ramón y Cajal) nin se cubrirán vacantes con prazas do cadro de persoal, aínda sendo necesarias, mentras a situación económica sexa crítica. Cubriranse as necesidades estruturais de forma temporal ata que o marco económico permita modificacións estruturais (reestruturar o cadro de PDI: crear prazas, cubrir vacantes ou traspasar vacantes de áreas excedentarias a deficitarias).

No momento oportuno revisaranse as vacantes analizando cáles se poden amortizar e cales se deben mover sen que supoña aumento de RPT (p.e. dunha área excedentaria a unha área deficitaria con necesidades estruturais)

En relación cos compromisos de estabilización de investigadores dos programas Ramón y Cajal, Parga Pondal ou Marie Curie, a política do equipo agora, en momento de austeridade e crise, será promover a captación nestes programas para áreas deficitarias e afectadas pola necesidade de renovación do cadro de persoal, de forma que manteñamos o compromiso que esixen estes programas de estabilización, pero limitaremos moito as prazas que ofertemos mentras a situación económica requira un axuste. Se a situación nos leva a non poder estabilizar investigadores, teremos que deixar de participar nos programas, xa que a USC asume o compromiso de

estabilización e non está disposta a captar investigadores, se non pode asumir o dito compromiso.

#### PAS

Xa no ano 2004 a USC aprobou no seu Consello de Goberno do día 22 de xullo de 2004, un Plan de Equilibrio Financeiro para o período 2004-2006, que supuxo en termos globais o seguinte:

1. Amortización de vacantes non ocupadas: 11 prazas de persoal funcionario e 10 de persoal laboral.
2. Promoción interna, 13 prazas de persoal laboral que supuxeron a amortización do mesmo número de prazas dotadas no cadro de persoal laboral
3. Supresión de 8 prazas por xubilación

Dentro da política de austeridade da Universidade, é importante lograr un adecuado redimensionamento do cadro de persoal existente. Dado que a implantación dos novos estudos, a posta en funcionamento de novos edificios, a creación de novos servizos, etc., requiren unha necesidade de efectivos, é necesario reformular a distribución dos xa existentes evitando, no posible, a creación de novos postos

É factible que pola implantación de novas tecnoloxías e incluso por ter xa algúns servizos externalizados, haxa postos que se poidan suprimir nalgúns categorías, pero é difícil neste intre precisar unha porcentaxe.

A Universidade comprométese a amortizar e suprimir os postos que non sexan necesarios.

#### ***e) Propostas dirixidas á reordenación e reasignación de horas de docencia.***

No momento actual a USC está inmersa nun proceso de racionalización do encargo docente asignado ás áreas de coñecemento, tratando de optimizar as potencialidades que ofrecen as afinidades entre estas, tendo sempre en conta a necesidade de preservar o rigor científico.

Este proceso de racionalización ten a súa concreción nos dous instrumentos fundamentais de ordenación académica: plan docente anual (PDA) e plan de organización docente (POD).

O proceso iniciado o curso pasado de adscrición das materias dos graos e masters ás diferentes áreas de coñecemento en función da súa afinidade científica e a posibilidade de flexibilizar a asignación da docencia tendo en conta ademais da idoneidade científica os recursos humanos dispoñibles en cada área, está xa a dar froitos neste momento e esperamos que, unha vez completado, permita optimizar a utilización da capacidade docente do profesorado e redunde tamén nunha redución significativa da contratación temporal para cobertura de necesidades conxunturais.

O mapa completo da adscrición das materias que teremos dispoñibles no inicio do ano 2011, permitirá facer simulacións nas áreas para valorar o cadro de PDI óptimo de cada área e/ou tomar decisións conxunturais de asignación dalgunha docencia a áreas afíns (prioritariamente nas materias dos primeiros cursos de grao que son máis xeneralistas segundo a filosofía de deseño dos novos plans). O cambio nos plans de estudo mudou por completo as necesidades docentes e esixe ás universidades facer unha revisión do seu cadro de PDI e un axuste á nova realidade que non se pode facer cunha visión a curto prazo senón a medio prazo (graos implantados por completo e diplomaturas e licenciaturas extinguidas).

### **2.1.2. Outras actuacións en materia de gastos**

1. Plan de xubilación anticipada para o PAS e o PDI. En estudo para a súa implantación o próximo 2012.
2. Establecer un plan de aforro e eficiencia enerxética. Que inclúa varias actuacións, entre as que se atopa:
  - a) Potenciar o aforro enerxético nos edificios e instalacións. Neste senso vanse a desenvolver dúas actuacións no campus de Lugo asociadas ao aforro enerxético dos sistemas de calefacción das facultades de Veterinaria e de Administración e Dirección de Empresas. A facultade de Veterinaria e a de maior consumo

enerxético de toda a USC e nela realizarase a substitución das caldeiras de calefacción de gasóleo por caldeiras de condensación a gas que son mais eficientes. O aforro enerxético estimado mínimo é do 20%. Dado que o consumo de combustible anual destes centros no ano 2009 ascendeu a 200.898€, o aforro anual previsto ascende a 40.179€ co que investimento previsto se amortizaría en 6,22 anos.

- b) En xeral, á marxe destas dúas actuacións concretas, cabe adoptar un abano de medidas que abrangue desde as mais simples e convencionais, como a mellora no illamento térmico dos edificios ou a automatización da iluminación interior, ata as máis complexas relacionadas co estudo e implantación dun modelo enerxético (do que hoxe carece a USC), especialmente no Campus de Lugo, pero tamén no Campus de Santiago, tendo en conta o deterioro das instalacións de coxeración pola falta do mantemento adecuado, tanto preventivo como correctivo, que se produciu nos últimos anos.
- c) Levar a cabo unha serie de medidas nos seguintes ámbitos:
- Promoción de convenios con institucións locais, autonómicas e estatais para a realización de medidas da mellora da eficiencia enerxética.
  - Xestión: tanto administrativa como de xestión de incidencias de mantemento así como o fomento da comunicación entre áreas implicadas.
  - Infraestruturas: mantemento contínuo das plantas de coxeneración, posta a punto e instalación de equipamento para medición de consumos enerxéticos, de gasóleo e de auga. Introducción de criterios bioclimáticos no deseño dos novos edificios universitarios. Introducción de medidas de acondicionamento pasivo e illamento térmico nas novas construcións e nas remodelacións de edificios existentes. Promoción do emprego de enerxías renovables para satisfacer as demandas enerxéticas dos edificios universitarios. Instalación progresiva de contadores individuais por centros, que permitirá coñecer datos de consumo enerxético por unidade de superficie e que servirá para identificar dun xeito máis directo as posibilidades de mellora.

- Sensibilización: estase a desenvolver desde principios de xaneiro de 2011 unha campaña de sensibilización dirixida á comunidade universitaria para a modificación dos hábitos que afectan ao consumo enerxético. Entre as medidas atopase: apagar as luces e os equipos informáticos fóra do horario de uso, manter o illamento térmico das dependencias universitarias, controlar a apertura de fiestras e portas, e limitar o emprego de radiadores eléctricos nas dependencias universitarias.

d) Neste momento existe xa un plan de recomendación de uso das instalacións de calefacción e climatización que imos a revisar para poder obter uns maiores aforros.

**Futuras accións:** A USC fai unha aposta firme polo Desenvolvemento Sostible tanto é así que no proxecto Campus de Excelencia Internacional Campus Vida, o Plan 10 recolle dúas accións a desenvolver neste ámbito. A acción 10.1 recolle, entre outras, a idea de consolidar a oficina de Desenvolvemento Sostible como elemento vertebrador de todas as medidas encamiñadas ao respecto polo medio ambiente, e a acción 10.2 trata da introdución de criterios bioclimáticos e de edificación sostible en actuacións urbanísticas (estas medidas deben ser desenvolvidas en colaboración coa Área de Infraestruturas). Os indicadores actuais están asociados á eficiencia do consumo eléctrico, térmico e de auga, actuacións para fomento das enerxías renovables e para redución da contaminación lumínica e número de edificios con catro ou máis criterios bioclimáticos introducidos nos seus pregos de contratación, e o obxectivo que se establece no proxecto Campus Vida de cara ao 2012 é a mellora nun 10% destes indicadores.

### 3. Pechar durante os períodos de vacacións.

Procederase a pechar os centros e as bibliotecas temporalmente durante os períodos non lectivos, nos que permanecerán abertas tres bibliotecas: Concepción Arenal e de Ciencias Económicas e Empresariais no campus de Santiago e Biblioteca Intercentros no campus de Lugo. A piscina universitaria permanecerá pechada temporalmente durante os períodos non lectivos e a apertura das residencias universitarias nestes períodos axustarase á demanda de prazas. Este tipo de medidas

permitirá aforros en gas, necesario para coxeneración, gasóleo (por exemplo o consumo en Santiago no ano 2009 ascendeu a 668.590€ se supoñemos que corresponde a 26 semanas, novembro-abril, o importe correspondente a unha semana de decembro sería de 25.700€), e electricidade (semanalmente, por exemplo, en Económicas 4.100€, en Xeografía e Historia 2.100€, na Escola Politécnica Superior 4.600€ e en Veterinaria 11.600€).

4. Extender o emprego da licitación de acordos marco e doutros procedementos de contratación. Os acordos marco permiten fixar as condicións ás que terán que axustarse os contratos que se pretendan adxudicar durante un período máximo de catro anos. Por exemplo, establecer un acordo marco para mobiliario.

Para racionalizar e ordenar a adxudicación de contratos a Ley de Contratos do Sector Público permite licitar acordos marco, articular sistemas dinámicos para a contratación de obras, servizos e subministracións de uso corrente, ou centralizar esta contratación especialmente en servizos especializados. Como é sabido, os acordos marco con un ou varios empresarios permiten fixar as condicións ás que haberán de axustarse os contratos que se pretendan adxudicar durante un período máximo de catro anos.

A experiencia da aplicación deste procedemento na subministración de equipamento científico de laboratorio, está a ser moi positiva tanto polos aforros que se obteñen, como pola sinxeleza da xestión dos contratos que se derivan do propio acordo marco. Facer extensiva a aplicación deste procedemento á subministración de equipamento ordinario (para o que xa se dispón dun borrador de prego de prescricións técnicas elaborado pola dirección da Área de Infraestruturas).

5. Control do cumprimento dos contratos básicos de servizos. Usar os servizos das Unidades técnicas da Universidade ou das empresas contratadas a tal efecto só cando sexan necesarios (xardinería, fontanería, carpintería, transporte...). En canto aos servizos de limpeza e seguridade é necesario establecer procedementos de control do cumprimento estrito do cadro de frecuencias contratado.
6. Redución de gastos en contratos de mantemento e reparacións. Intentar reducir os gastos de mantemento e ver a posibilidade de cofinanciación cos grupos de

investigación. Realizarase un inventario actualizado de equipos para poder renegociar os contratos de mantemento. Neste sentido intentarase negociar un contrato de mantemento conxunto para os equipos iguais, de características similares, ou equipos distribuídos pola mesma empresa.

7. Telefonía. Asegurar que o uso do servizo teléfono móbil estea ao abeiro das tarefas planas negociadas co operador. Redución e racionalización do uso das liñas de telefonía móbil, revisando a necesidade das mesmas e o ámbito necesario das chamadas (interno/nacional/internacional). En canto á telefonía fixa, o contrato actual ca empresa R ten unhas condicións moi vantaxosas, ao ter unha tarefa plana para as chamadas nacionais.
8. Redución do consumo do material de oficina e do consumo de papel impreso pola informatización de trámites administrativos (matrícula, follas de pedimento, facturación, ...). A implantación da sinatura dixital suporá unha diminución na utilización do papel. O proxecto de dixitalización do plan AVANZA permitirá gardar neste sistema tanto a copia de facturas nos centros como a copia de determinados documentos internos que se envían entre servizos.
9. Continuar coa implantación de sistemas de impresión en rede que dan, cun número mais limitado de equipos, un maior servizo ao ser impresoras multifunción (escáner, fax, envío de copia a correo electrónico, impresión convencional, fotocopia convencional), a un maior número de usuarios. Nos servizos centrais xa se implantou parcialmente nalgúns edificios e suprimíronse un número elevado de impresoras mono-posto. Estase a incrementar a implantación deste tipo de impresoras en bibliotecas e outros centros nos que xa remataron os contratos das vellas fotocopiadoras, mediante o sistema de renting.
10. Publicación da Memoria de Responsabilidade Social e da Memoria Económica en formato electrónico e en memoria USB. Aínda que posiblemente sexa conveniente editar algúns exemplares en papel, para entregar a diferentes institucións, universidades españolas e estranxeiras así como a entidades financeiras.
11. Promover a realización de enquisas vía on line. Desde a Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade trátanse máis de 121.000 enquisas por curso

académico. A previsión para o próximo curso 2010-2011 é de realizar por esta vía as enquisas de satisfacción do profesorado e do alumnado dos másteres oficiais e de xeito experimental a dalgún grao, co conseguinte aforro en material (cuestionarios, sobres) así como nas retribucións que perciben os alumnos que realizan o pase das enquisas. O curso anterior xa se fixeron algunhas on line, tales como as correspondentes a nove másteres, a másteres propios e cursos de especialización, as enquisas solicitadas polo XOPRA (necesarias para renovar a certificación ISO) e algunhas derivadas da OIX

12. Xeneralizar a utilización da videoconferencia en reunións bicampus co obxecto de reducir os custos de desprazamento e despensas por consellos de departamento, xuntas de facultade, comisións ou cursos de formación.

No Campus de Lugo hai equipos de videoconferencia en todos os centros e no Campus de Santiago dispoñen de equipos de videoconferencia 15 facultades e escolas. Dotarase paulatinamente de equipos ás Facultades de Ciencias Políticas e Sociais e de Dereito, así como as Escolas Universitarias de Óptica e Optometría e a de Relacións Laborais.

13. Dotación, posta en marcha e formación aos usuarios, que o precisen, no uso de sistemas de reunións virtuais desde o PC. A Xerencia xa puxo en marcha un plan piloto para os xefes de servizo que o solicitaron e pode resultar moi útil nos servizos con localización en campus ou edificios diferentes (as comunicacións son gratuítas).
14. Migración a software libre do campus virtual.
15. Redución no número de equipos informáticos substituídos, alongando a vida útil dos mesmos con pequenos investimentos.
16. Medidas que se están a promover na xestión:
  - Instrucións para: Axudas de custo e locomoción; emprego dos formularios de colaboracións; importes máximos para retribuír as conferencias con carácter xeral; limitación do pagamento con cargo ao orzamento de matrículas en cursos varios e o pagamento de cotas por pertencer a asociacións.

- Implantación de servizos comúns de sinatura electrónica avanzada
- Aplicación da sinatura electrónica ao sistema de pedidos internos
- Adaptación do portal de provedores
- Adaptación do portal de directores de centros de gasto
- Desenvolvemento dos módulos de facturación
- Incorporación de facturas mediante dixitalización certificada e incorporación de facturas electrónicas.

### **2.1.3. Reprogramación dos investimentos previstos así como as transferencias de capital.**

O pasado mes de setembro tivo lugar una convocatoria INNOCAMPUS dirixida aos Campus de Excelencia. A esta convocatoria destináronse 100 millóns de euros e podíanse solicitar anticipos reembolsables cun prazo previsto de amortización de 15 anos, cun prazo de carencia de 3 anos e cun interese do 1,17%, cun mínimo de 4 millóns de euros por proxecto. A USC non solicitou este tipo de axudas xa que se decidiu acudir só as convocatorias financiadas con fondos FEDER ou subvencionadas na súa totalidade.

Ademais, posponse a construción dos edificios de investigación contemplados no plan Lugo 2015. Neste senso, tendo en conta que estaba contemplada a construción de tres edificios (ampliación do Cactus, Instituto de investigación e edificio de Transferencia e Emprendemento) e estimando un custo por edificio duns 5 millóns de euros, suporía un aforro de 15 millóns de euros.

En relación aos contratos asinados previamente con distintos arquitectos, leváronse a cabo medidas tendentes á renegociación dos seus contratos.

En canto ao Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA), o custo inicialmente previsto para esta construción era de 10.500.000 € (cun investimento en obra de 8.000.000€ e unha superficie de 4.000 m<sup>2</sup>) e, dado que o financiamento obtido

para esta infraestrutura neste momento é de 6.850.000€ baixouse a este importe o previsto para a execución da obra.

#### **2.1.4. Análise e propostas de sostibilidade económico-financeira dos graos e posgraos.**

O proceso de transformación das licenciaturas en graos efectuouse de acordo cos recursos humanos dispoñibles na USC. Entre as medidas aplicadas atópanse:

- Redución do número de titulacións, por exemplo no caso das filoloxías, que pasaron de oito licenciaturas a cinco graos.
- En titulacións con pouca demanda deixáronse de ofertar, como por exemplo Tecnoloxía dos alimentos.
- Fixáronse os criterios para racionalizar a oferta de másteres oficiais. Algúns destes criterios son analizados para establecer unha posible fusión con másteres de temática afín.
- Iniciáronse as consultas coas outras dúas universidades galegas para analizar a demanda de másteres interuniversitarios. Os que non cumpran os criterios de demanda anteriormente sinalados non poderán ser ofertados o próximo curso.
- Estanse adoptando medidas para impulsar a sinatura de convenios para a financiación externa dos másteres oficiais.

Os estudos de posgrao propio manteranse só si se autofinancian.

#### **2.1.5. Refinanciamento de operacións de endebedamento e da débeda comercial.**

Durante o mes de novembro solicitouse a Caixa Galicia e Caixa Nova así como ao Banco Santander unha proposta de refinanciamento da débeda, cunha carencia de dous anos. A débeda actual ten os seguintes xuros: Caixa Galicia, euribor a tres meses

máis 0,04; Caixa nova, euribor a 1 ano máis 0,04; Banco Santander, euribor a tres meses máis 0,15 e euribor a tres meses máis 0,2. No mes de decembro os xuros asociados a un refinanciamento eran euribor a un ano máis 2,5 no caso da Novacaixagalicia e euribor máis 2,85 no caso do Banco de Santander, polo que non procede levar a cabo o refinanciamento da débeda neste momento.

### **2.1.6. Medidas normativas de control presupostario, asignación de responsables no seguimento dos gastos.**

O Servizo de Control Interno da Universidade de Santiago de Compostela é o encargado da seguridade e a eficacia na xestión económica-financeira e contable.

Entra as súas funcións principais está a do control de ingresos, gastos e pagos da Universidade, a inspección e verificación da contabilidade e o control e seguimento dos convenios asinados entre a Universidade e outras entidades.

Para garantir estes obxectivos, o Servizo apoia a súa labor en Instrucións e Normas de obrigado cumprimento para o persoal de Asuntos Económicos da Universidade e facilita ferramentas informáticas para a xestión destes elementos.

A USC ten un regulamento de xestión orzamentaria de data 17 maio de 1988 (DOG de 27/06/1988) no que se conteñen normas de control orzamentario e periodicamente emítense instrucións singulares de desenvolvemento de aspectos concretos do citado regulamento. Así mesmo, nas normas de execución do orzamento anual e nas normas que se emiten para o peche do exercicio económico recóllense tamén instrucións que inciden no control orzamentario. Esta normativa, pódese consultar na web do servizo de Control Interno, na do servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería e na web da Xerencia ([www.usc.es/sxcci/control\\_interno.htm](http://www.usc.es/sxcci/control_interno.htm): Normas de peche do exercicio//Memoria económica//Orzamento//Convenios)

Respecto da asignación de responsables no seguimento do gasto, todos os centros e servizos teñen asignado un posto singularizado denominado “Responsable de asuntos económicos” que controla a execución do orzamento: comproba a existencia e adecuación de crédito para efectuar gastos, o xeito de contratación e a persoa que pode

asinar a autorización de gasto; así mesmo, tamén se controla a tipoloxía de gastos que se poden realizar en función dos entes públicos que os financian.

Por outra banda, no Servizo de Control Interno da USC efectúanse comprobacións previas dos expedientes de contratación administrativa, comprobación da correcta tramitación e adecuación do gasto ás diferentes aplicacións orzamentarias, comprobacións por mostraxe de determinadas operacións (axudas de custo e locomoción, retribucións por conferencias, cursiños, etc.) e a correcta aplicación da normativa fiscal (IRPF-IVE nacional e intracomunitario, etc.). Así mesmo, promove a adecuación da aplicación informática de contabilización descentralizada e-SICUS ás diferentes normativas que existan para a xustificación e control dos gastos subvencionados mediante achegas específicas de entes públicos autonómicos, estatais ou da UE.

## ***2.2 Materia de ingresos***

En este apartado trátanse tanto as posibles medidas no ámbito da autonomía universitaria para establecer os seus prezos e taxas como das posibles novas fontes de financiamento.

### **2.2.1 Medidas para o establecemento dos seus prezos e taxas.**

En relación ás medidas de ingresos debemos indicar que as universidades non temos capacidade para establecer o importe dos prezos públicos, unicamente subliñar que, dado que a Xunta de Galicia comunicou, no mes de xullo, a decisión de non subvencionar a matrícula correspondente aos fillos do persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a cal ascendeu a 882.016€ no ano 2010, e dado que se prevé un importe similar para o próximo ano, deixarase de subvencionar este concepto a partir do curso académico 2011-2012.

En relación aos importes obtidos por matrícula, subliñar que produciuse un descenso no importe acadado motivado fundamentalmente por dous motivos asociados aos alumnos repetidores de materias de licenciatura:

- Se os alumnos matricúlanse en materias nas que xa non se imparte docencia pagan o 25% do importe, o cal supuxo un déficit neste ano 2010 de 1.450.000€
- Se deciden matricularse no grao, pagan primeira matrícula, que é por un importe mais baixo, o cal supuxo un déficit no 2010 de 303.000€

Revisaranse as tarifas dos diferentes servizos universitarios así como o importe do canon das diferentes concesións administrativas (fotocopiadoras, cafeterías e comedores universitarios).

### **2.2.2 Novas fontes de financiamento.**

Como unha fonte de ingresos adicional, a USC fomentará entre a comunidade universitaria a sinatura de informes, contratos e convenios con empresas o que supón unha transferencia de coñecemento á sociedade. Así mesmo, será necesario fomentar o mecenado por parte de empresas ou institucións.

En relación a rendibilidade do patrimonio da USC, entre as posibles fontes de ingresos atópase a posibilidade da venda do inmovible do antigo Hospital sito en Galeras. Ademais a USC ven desenvolvendo un programa de xestión de espazos, aluguer de salas de exposicións e promoción das visitas ao patrimonio que supón outra fonte de financiamento non despreziable.

### ***3 EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN FINANCEIRA DA UNIVERSIDADE PARA ACADAR O EQUILIBRIO ORZAMENTARIO.***

Os orzamentos da USC para o ano 2011 elaboráronse tendo presente o plan de sustentabilidade financeira. Neste senso, para acadar o equilibrio entre ingresos e gastos e necesario reducir estes últimos en 15,8 millóns de euros (un 6,46% en relación ao ano 2010) para o cal se tomarán as seguintes medidas:

- Diminución obrigada, desde xuño de 2010, das retribucións do capítulo I. Gastos de Persoal, en 4,49 millóns de euros
- Diminución dos gastos en bens correntes e servizos en 4 millóns de euros, das transferencias correntes en 0,4 millóns de euros e dos investimentos reais en 5,95 millóns de euros.
- En relación ás operacións financeiras, a USC non ten marxe de actuación xa que está comprometido o capítulo III, gastos financeiros, que sube 0,2 millóns de euros, e o capítulo IX, pasivos financeiros, que baixa un millón de euros.

O orzamento para o ano 2011 pon de manifesto non só a intención de acadar un equilibrio orzamentario, senon medidas concretas, que supoñen unha redución moi significativa dos diferentes conceptos de gasto, incluídas as facultadaes e escolas (cunha baixada media do 30% nos seus orzamentos). Isto supón unha gran dificultade para levar a cabo moitas das actuacións previstas se queremos manter e superar os niveis acadados na calidade da docencia e da investigación, nos que a USC é unha referencia tanto no ámbito español como no internacional.